



# CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100  
Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

## BANDO

### CACHELAS E SARDIÑADAS DE SAN XOÁN E/OU SAN PEDRO 2022

José Manuel Varela Ferreiro, alcalde do Concello de Val do Dubra, mediante o presente Bando faulle coñecer a veciñanza de Val do Dubra, as normas que se deberán cumprir para a realización de cachelas na noite de San Xoán (23 de xuño de 2022) e/ou San Pedro (28 de xuño de 2022).

#### NORMAS BÁSICAS

1. As persoas que desexen realizar unha cachela e/oi sardiñada nestas datas nun terreo privado presentarán a **COMUNICACIÓN PREVIA segundo o modelo que estará dispoñible na web municipal** ata o día 22 de xuño de 2022 ás 14:00 horas, a través das seguintes vías:  
  
Cubrir o formulario “Cachela de San Xoán e/ou San Pedro” o cal se pode descargar a través da páxina web municipal e rexístralo nas oficinas municipais ou ben rexistro telemático, a través da sede electrónica do concello de Val do Dubra.
2. Os organizadores deberán coidar os arredores e coñecer os seguintes números de teléfono:  
  
EMERXENCIAS: 112  
  
PROTECCIÓN CIVIL:           696 422 000  
  639 887 504
3. Zona urbana. O volume de combustible da cachela non excederá os 2 metros de diámetro e 6 metros de perímetro, ni os 3 de altura.  
  
Zona rural. O volume do combustible da cachela non excederá os 3 metros de diámetro, ou 9 metros de perímetro, nin os 3 metros de altura.
4. A separación entre as cacheas e os edificios e árbores será como mínimo de 20 metros. Poñerase especial coidado de non situalas debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen inflamables nin vehículos.
5. Prohibese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites, e en xeral calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico.
6. En ningún caso se botarán ao lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprais), aínda que estean baleiros.
7. A fogueira permanecerá vixiada polas persoas responsables ata a súa total extinción, que deberá ser asegurada empapando os resto con auga, e asegurándose de que as cinzas queden totalmente apagadas. No caso de que se levante o vento, e poida dificultarse a vixilancia e extinción da fogueira, esta deberá suspenderse.
8. A presentación da comunicación previa, será suficiente para levar a cabo o evento, cumprindo as normas básicas previstas en dita comunicación previa.

O incumprimento das normas respecto ás cachelas poderán ser comprobadas polos corpos e forzas de seguridade.

Esta Alcaldía agradece a colaboración da veciñanza para o bo desenvolvemento da festa da noite de San Xoán e de San Pedro.

Val do Dubra, asinado dixitalmente na data que figura a marxe.